

EXPOSICIÓN

Historia postal de Lugo s. XVIII-XX
Colección Andrés García Pascual

A exposición **Historia Postal da cidade de Lugo. Séculos XVIII–XX** convida a descubrir unha dimensión pouco coñecida mais extraordinariamente reveladora do noso pasado: a historia das comunicacións postais e o seu papel na construción do territorio, da administración e da vida cotiá.

A mostra reúne máis de 370 pezas orixinais –cartas, documentos, marcas e selos– que percorren arredor de 150 anos de actividade postal, permitindo observar a evolución dos sistemas de franqueo, os itinerarios da correspondencia e a organización do servizo de correos.

"Lugo: Guerra de la Independencia e intervención de los 100.000 Hijos de San Luis"

Cartas, documentos e gravados que testemuñan a importancia estratéxica de Lugo en ambas as contendas.

"Historia postal de la Administración Principal de Correos de Lugo. s. XVIII-XIX"

Móstranse as marcas postais utilizadas en todas as poboacións que, naquel tempo, dependían postalmente da Principal de Lugo, é dicir as pertencentes ás provincias de Lugo, Mondoñedo e Betanzos.

"Carterías de la provincia de Lugo. s. XIX-XX"

Recompilación das marcas postais utilizadas polas diferentes Carterías da provincia de Lugo.

"Historia Postal de la ciudad de Lugo. s. XVIII-XIX"

Preséntanse cartas coas marcas postais utilizadas na Administración Principal de Correos de Lugo ao longo duns 150 anos.

A exposición inclúe tamén tres vitrinas con caixas para selos (s. XIX–XX) –unhas 130 pezas– e unha selección bibliográfica especializada procedente da colección persoal de Andrés García Pascual, cuxo labor investigador e coleccionista constitúe a base deste valioso proxecto expositivo.



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

DEPUTACIÓN
DE LUGO  Cultura
VICEPRESIDENCIA